

RESOLUCIÓN REITORAL DO 22 DE SETEMBRO DE 2022 POLA QUE SE APROBAN CRÉDITOS ECTS POLA REALIZACIÓN, ORGANIZACIÓN OU DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIAS

Por acordo do Consello de Goberno do 10 de outubro de 2016 aprobouse o regulamento de recoñecemento de créditos ECTS por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Atendendo ás competencias atribuídas e ao acordo acadado na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes, celebrada o 21 de setembro de 2022, esta reitoría RESOLVE:

A autorización de recoñecemento de ECTS pola asistencia a cursos, congresos, seminarios e outras actividades académicas naquelas titulacións que así o teñan recoñecido nos seus planos de estudo, que se relacionan no anexo I.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 22/06/2022 (DOG do 06 de xullo)

Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

(asinada dixitalmente)

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Título do curso, congreso, seminario e outras actividades académicas	Código	Centro, Departamento ou Institución organizadora	Responsable	Datas de celebración	Data de autorización	Horas	Créditos recoñecidos
Xornadas sobre Tecnoloxías e Solucións. para a Automatización Industrial (JAI)	AC2200047	Escola de Enxeñería Industrial	Armesto Quiroga José Ignacio	Do 14/11/2022 ao 18/11/2022	21/09/2022	41 horas e 10 minutos	1,4
O Entorno Dixital e a Cooperación entre Administracións Tributarias	AC2200048	Departamento de Dereito Público Especial	Ruiz Hidalgo María del Carmen	Do 20/10/2022 ao 21/10/2022	21/09/2022	12,5	0,4
Lendo con Feministas	AC2200049	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Otegui Carles Almudena	15/09/2022 ao 30/11/2022	21/09/2022	60	2
Seminario Conxunto-FCETOU-HTW Saar: Xestión Cultural e Turismo	AC2200050	Facultade de Ciencias. Empresariais e Turismo	De Prada Creo Elena Rosa	Dp 26/09/2022 ao 30/09/2022	21/09/2022	30	1

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800049s22N0000047

CSV

GEISER-b0e2-3d83-66fb-4a59-bad4-2f9f-db20-8b0a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

22/09/2022 13:38:56 Horario peninsular

Validez del documento

Original

